

ENTROIDO 2023 CONCELLO DA CORUÑA

Bases para o concurso de ‘Música e Letra en Institutos 2023’

E obxecto destas Bases a regulación das condicións para participar no concurso de Música e Letra dirixido aos Institutos públicos e concertados da Coruña, dentro dos actos do Entroido 2023 organizados polo Concello da Coruña.

Poderán participar no concurso os/as alumnos/as de ESO con idades comprendias entre os 12 e os 16 anos, que compoñan un grupo de un mínimo de 10 persoas e que interpreten unha canción co oportuno acompañamento musical, sempre e cando se trate dun tema inédito composto polo alumnado. Os participantes irán disfrazados para a ocasión.

A inscrición deberá figurar a nome do Instituto ou centro educativo, e presentar os datos dunha persoa adulta responsable da comparsa coas autorizacións dos titores legais dos menores que participen na actividade.

A inscrición deberá ir acompañada do texto escrito da letra e o arquivo sonoro da canción.

A inscrición farase cubrindo o formulario en liña que pon a disposición do Concello da Coruña na súa páxina web. Os arquivos presentaranse no mesmo formulario no momento da inscrición.

O prazo de inscrición remata o día 3 de febreiro de 2023 as 15.00 h.

A participación de cada grupo no concurso consistirá en interpretar unha canción co oportuno acompañamento musical durante un máximo de intervención de 4 minutos. O tempo máximo de permanencia no escenario será de 10 minutos incluídos os minutos de interpretación do tema presentado.

O concurso terá lugar o día 10 de febreiro de 2023 no Centro Ágora, Lugar da Gramela 17, 15010 A Coruña, ás 18.30 h

A orde de actuación será determinada pola organización. No caso de que haxa máis de 10 inscricións, o concurso repartirase en varios días e designaranse os finalistas.

O Xurado estará composto pola Alcaldesa da cidade ou persoa na que delegue, cinco persoas de recoñecido prestixio e o Secretario Xeral ou persoa na que delegue, que levantará Acta.

O Xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar as actuacións, para o que terá en conta a simpatía e agudeza das letras, a natureza da composición musical (orixinal ou non), a correcta execución da interpretación musical e o acompañamento, tanto oral como instrumental, en directo.

O fallo do xurado será inapelable.

Establécense os seguintes premios:

- a. Primeiro premio – 1.000 € (en vales agasallo dun establecemento da cidade)
- b. Segundo premio – 800 € (en vales agasallo dun establecemento da cidade)
- c. Terceiro premio – 500 € (en vales agasallo dun establecemento da cidade)
- d. Accésits – 100 € (máximo de 7 - en vales regalo dun establecemento da cidade)

A agrupación gañadora terá que interpretar en directo a súa canción no ‘Concurso de Música e Letra do Entroido’ do día 11 de febreiro de 2023 que se celebrará en Palexco a partir das 18.00, utilizando os medios musicais empregados no concurso de Institutos.

A inscrición neste concurso leva implícita a aceptación das presentes bases e instrucións dadas polo Concello da Coruña en canto ao desenvolvemento dos actos.